

O emprego digno e con dereitos debe considerarse elemento fundamental para o desenvolvemento sostible dos pobos e para erradicar a pobreza. Os sindicatos reclamamos particularmente coherencia nas políticas en relación con:

- Traballo digno e con dereitos
- Xustiza no comercio
- Redución e cancelación da débeda
- Máis e mellor axuda ao desenvolvemento

## Os sindicatos, co Chamamento Mundial á **Acción** Contra a Pobreza

Combater a inxustiza e a pobreza son elementos esenciais do labor sindical

Propugnamos un modelo de desenvolvemento humano xusto e sostible, no que o crecemento económico corra á par da equidade social e de xénero, a articulación democrática da sociedade e o respecto ao medio natural.



## Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio:

- Obxectivo 1 Erradicar a pobreza extrema e a fame
- Obxectivo 2 Lograr o ensino primario universal
- Obxectivo 3 Promover a igualdade entre os sexos e a autonomía da muller
- Obxectivo 4 Reducir a mortalidade infantil
- Obxectivo 5 Mellorar a saúde materna
- Obxectivo 6 Combater o VIH/SIDA, o paludismo e outras enfermidades
- Obxectivo 7 Garantir a sostibilidade do medio natural
- Obxectivo 8 Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento

## Os sindicatos contra a pobreza

Porque pouco se leva feito ao respecto e, ao actual ritmo de desenvolvemento, levará décadas que muchos países acaden os Obxectivos do Milenio.

### As cifras da pobreza mundial

- ▶ **1.200** millóns de persoas viven con 1 US \$ ou menos ao día.
- ▶ O **1%** máis rico da poboación mundial percibe a mesma cantidade de ingresos có **57%** máis pobre.
- ▶ **54** países son máis pobres agora do que o eran en 1990.
- ▶ **1.000** millóns de persoas están desempregadas, subempregadas ou son pobres; delas, o **60%** son mulleres.
- ▶ **245** millóns de nenos de 5 a 17 anos traballan.
- ▶ As mulleres perciben entre un **30** e un **60%** menos cós homes.
- ▶ **860** millóns de adultos son analfabetos.
- ▶ **114** millóns de nenos en idade escolar non acoden á escola.

### A pobreza afecta máis as mulleres

A pobreza no mundo afecta en maior medida as mulleres, polo que os sindicatos traballamos pola igualdade de dereitos e a perspectiva de xénero, na solución do principal problema da humanidade.

## ¿Por que 2005?

Rematar coa pobreza no mundo

No ano 2005 terán lugar tres grandes cumios internacionais para avaliar o cumprimento dos compromisos adquiridos en relación cos **Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio**, que nos brindan unha auténtica ocasión para organizarmos mobilizacións que exerzan presión sobre os gobernos, para que estes cumpran as promesas que fixeron no ano 2000 de reducir a pobreza mundial:

- O cumio do G8 no Reino Unido que, segundo está previsto, se centrará en cuestións sobre o desenvolvemento (1 de xullo de 2005, unha semana antes do Cumio).
- A primeira revisión de progresos por parte da Asemblea Xeral das Nacións Unidas con respecto ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, cinco anos despois da súa adopción, que terá lugar en Nova York (10 de setembro de 2005, unha semana antes da Asemblea).
- A 6.ª Conferencia Ministerial da Organización Mundial do Comercio en Hong Kong (5 de decembro de 2005, unha semana antes da Conferencia).

CC.OO. e UGT chamamos a nosa afiliación a secundar as accións destinadas a acabar coa inxusta e inxustificada pobreza que sofre gran parte da poboación mundial, enviando unha mensaxe clara aos xefes de Estado acerca da responsabilidade política que teñen en contribuír a erradicar a pobreza e cumprir os compromisos adquiridos para alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

En 2005 **actúa** contra a pobreza

Primeiro de maio... leva a banda branca

«POBREZA 0 – EMPREGO DIGNO E CON DEREITOS»



# 1.000 millóns de persoas viven na máis absoluta pobreza



O 1º de maio de 2005

## Globalizar<sup>a</sup> solidariedade

O MOVIMENTO SINDICAL DEMANDA ACCIÓNS DECISIVAS PARA ERRADICAR A POBREZA E ESIXE O CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO DO MILENIO

